

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 31 DE OUTUBRO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e seis de setembro do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventor: Manuel Vázquez Fernández

Non asisten os concelleiros/as D^a Margarita López Rodríguez D. Roberto Eireos Saez e D. Manuel Rodríguez Martínez.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 26 DE SETEMBRO DO 2022.

Sométese a votación a acta do pleno de 26 de setembro, aprobándose por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 21.07.22 ao 25.10.22.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21.07.2022 ao 25.10.2022.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria. Transcríbese a proposta:

“A estabilidade dunhas boas relacións laborais, ten que ver con multitude de factores pero, quizais, o máis influente sexa a existencia dun método obxectivo e rigoroso de determinación das retribucións dos/as traballadores/as de calquera organización.

Por obxectivo enténdese un sistema que utilice factores (baremos) de medición retributiva, socialmente recoñecidos e xeneralizables á gran maioría dos postos de traballo. En efecto, conceptos como coñecemento, responsabilidade, mando, esforzo, entre outros, son algúns dos que as relacións de postos de traballo deben ter en conta para lograr un sistema obxectivo e transparente de determinación das condicións retributivas dos/das empregados/as públicos/as.

Por outra banda, o sistema ten que ser rigoroso, no sentido de que os devanditos baremos de medición retributiva que se apliquen, o sexan por igual a condicións laborais iguais, é dicir, que sexan coherentes, constantes e transparentes, xeneralizados, xeneralizables e equitativos.

Un dos obxectivos que perseguíu este Alcalde, cando adquiriu o compromiso de elaboración da RPT cando as circunstancias políticas posibilitaran a súa aprobación, foi que o documento que se elaborase partise de tres liñas básicas, a saber:

- a)** A igualdade de traballo, igualdade de retribución.*
- b)** A desigualdade de traballo, desigualdade de retribución.*
- c)** A inexistencia de discriminacións por razón de sexo ou calquera outra condición persoal.*

É certo que a política retributiva, especialmente no ámbito local, pode sintetizarse na carencia duns criterios específicos e xeneralizados para este ámbito da xestión. Esta carencia conleva á constatación dunha tendencia ao igualitarismo e á creación innecesaria de órganos administrativos nas relacións de postos de traballo.

É defecto habitual, no panorama administrativo da xestión de recursos humanos, a identidade retributiva común na asignación retributiva. Isto é, por unha banda, a renuncia para diferenciar tanto entre os diversos niveis de rendemento entre os empregados/as públicos/as, e, por outra, o non ter en consideración as verdadeiras características que afectan ao contido dos postos de traballo. Isto é a consecuencia da aplicación de prácticas homoxeneizadoras, por categorías e grupos profesionais, en base, en non poucas ocasións, das tendencias normalizadoras e dos desexos e intereses de todos/as os/as implicados/as na elaboración, negociación e aprobación da RPT.

Romper con esa tendencia que implica que non se analicen de forma obxectiva as singularidades de cada un dos postos de traballo, foi outra das liñas de traballo que presidiu a elaboración do documento, cuxa aprobación se propón ao Pleno.

O imaxinario colectivo continúa presionando, en termos de igualdade retributiva, para postos de traballo con idéntica titulación académica, sen analizar, verdadeiramente o seu contido, dando un tratamento retributivo idéntico a postos tan dispares como os desempeñados por un/unha Técnico/a de Administración Xeral e un/unha Psicólogo/a, Profesor/a do Conservatorio e Enxeñeiro/a técnico/a, Capataz de obras e Policía Local ou Albel e Operario/a de mantemento de colexios públicos. Idéntifícase, deste xeito, o contido do posto de traballo co Grupo de titulación de pertenza.

O resultado do igualitarismo retributivo non produce maior equidade interna, senón todo o contrario. Análogamente, o desexo de minimización da confrontación de intereses individuais que habitualmente prodúcese na aprobación deste tipo de documentos organizativos, conleva a renuncia á formulación dunha política retributiva coherente que supoña retribuír polo contido obxectivo das funcións do posto de traballo.

Por iso, outro dos criterios establecidos por esta Alcaldía, foi evitar que postos de traballo con tarefas diferentes acabasen tendo idénticas retribucións e elo porque, máis aló de que tal identidade supuxese un incumprimento dun mandato legal, atoparíamonos cun gran impacto desmotivador.

Unha das vantaxes do sistema retributivo vixente, que é a súa obxectivación, de non ter en conta os mencionados criterios xerais, podería acabar converténdose, pola falta de perspectivas de carreira, nunha perversión do sistema. A carreira administrativa dos/as traballadores/as debe deseñarse sobre a ocupación de postos de traballo, tendo en conta o lóxico desexo de mellora retributiva dos/as empregados/as públicos/as, pero é preciso ter cautela para que non se acabe producindo unha multiplicación de postos, con funcións máis ou menos imaxinativas, ou peor, na creación artificial de postos valeiros de contido para cumprir ditos desexos.

Este foi outro dos criterios marcados por esta Alcaldía á hora da elaboración da RPT, xustiza, equidade e racionalidade na valoración dos postos de traballo pero, tamén, austeridade na aplicación dos cartos públicos, en beneficio dos/as veciños e veciñas de Monforte, criterio este último que ten presidido a elaboración do documento, que nos ocupa.

Todos os criterios expostos ata o momento están destinados a corrixir as posibles disfuncións expostas, que o son tanto de práctica como de xestión. Por iso convén poñer de manifesto que, a pesar de que do deseño legal inférense uns determinados valores á hora de fixar as retribucións dos empregados públicos, non pode falarse de que sexa suficiente co marco normativo para xestionar a concreta realidade organizativa dunha organización pública.

Hai un treito moi amplo desde a norma á aplicación práctica e, coa elaboración desta RPT, procuráse que dito treito sexa o menos alonxado posible e que se poidan conxugar os criterios expostos coa normativa de aplicación. Ademáis, neste ámbito da xestión de recursos humanos é moi importante a participación, consenso e, sobre todo, obxectivos e procedementos claros e transparentes. É un traballo técnico, xurídico e económico pero cun aspecto humano que debe terse en conta.

Por iso, con base nos criterios expostos, a RPT persegue uns obxectivos moi concretos, a saber:

- *Recoñecer as repercusións retributivas do posto de traballo, eixo do sistema de emprego público.*
- *Analizar o modelo retributivo vixente na función pública local e súa aplicación ao Concello de Monforte de Lemos.*
- *Revisar os distintos conceptos retributivos da estrutura salarial.*
- *Analizar o marco legal do sistema retributivo.*
- *Identificar estratexias de mellora do actual marco retributivo público.*
- *Aplicar o sistema de valoración de postos de traballo.*
- *Correxir situacións inxustas, retributivamente falando, que viñan producíndose desde fai moito tempo.*

Ata a data de hoxe, ningún Alcalde do Concello de Monforte de Lemos foi quen de abordar esta difícil e necesaria tarefa da elaboración e aprobación da RPT. É certo que, noutros mandatos, fixéronse intentos para a súa aprobación, pero niso quedaron, en intentos, pese a que destinouse unha importante cantidade de cartos públicos de todos/as os/as monfortinos/as, que só serviron para quedar nun caixón.

Este Alcalde, desde a súa toma de posesión aló polo ano 2015, tiña como unha das súas prioridades a elaboración deste documento organizativo pero o certo é que, xunto coa vontade política, hai que ter en conta a viabilidade de que o Pleno, que é o órgano competente para a súa aprobación, conte cunha maioría acaída para elo.

Non imos analizar os motivos que deron lugar para que, no mandato 2015-2019, non se trouxera este documento á aprobación do máximo órgano municipal, xa que de todos/as son de sobra coñecidos pero, cando se deron as circunstancias políticas que posibilitaban a súa aprobación, foi o momento de poñerse “mans a obra”, para a redacción do documento que propoño, se o Pleno así o estima conveniente, que se aprobe inicialmente.

As relacións de postos de traballo son sempre documentos cuxa elaboración e aprobación se prolonga no tempo, tanto pola súa dificultade técnica de redacción, como polos diferentes intereses, todos eles lexítimos e respetables, que teñen incidencia nas mesmas. Por outra banda, no noso caso, os traballos prolongáronse, máis aínda, pola situación sanitaria que temos padecido, motivo polo cal non se puideron cumprir os prazos, inicialmente previstos, e que se puxeron en coñecemento da Mesa Xeral de Negociación.

Así as cousas e, unha vez decidido que a opción máis conveniente, por diferentes motivos, entre outros o aforro económico e o coñecemento interno da organización, era que a RPT fose elaborada, desde o punto de vista técnico, por persoal municipal, comezou o proceso coa participación de todos/as os/as empregados/as públicos/as do Concello de Monforte de Lemos, mediante a realización de entrevistas persoais e a entrega de cuestionarios escritos sobre o que, ao seu xuízo, é o contido dos seus postos de traballo.

Finalizo. Chegado o momento e, unha vez negociado o documento coa Mesa Xeral de Negociación, PROPOÑO que, polo Pleno, se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar, inicialmente, a Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias, coa súa descrición, valoración e fixación do Complemento de Destino, valoración do Complemento Específico, así como as fichas descritivas das funcións de cada un dos postos de traballo.*

SEGUNDO.- *Expoñer ao público, polo prazo de vinte días hábiles, a Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias, para que os/as interesados/as poidan presentar as alegacións que estimen convenientes ao seu dereito, quedando aprobada definitivamente no caso de que non se presentaran ditas alegacións.*

TERCEIRO.- *Determinar que os incrementos retributivos que se produzan, como consecuencia da valoración dos postos de traballo, sexan aplicados en tres exercicios orzamentarios, a saber, Orzamento do 2023 (34%), Orzamento do 2024 (33%) e Orzamento do 2025(33%).”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada manifestando que a obrigaón da RPT nas corporacións locais estableceu na lei 30/1984 de 2 de agosto, e dende esa data tiña a obrigaón de cumprila, e foi sistemáticamente incumprida polos distintos gobernos. Di que o anterior equipo do goberno do 2004-2013 encargou a elaboración tres relacións de postos de traballo 135.672,88 euros e eses documentos elaborados e non aplicados atópanse dentro dun arquivador. Di que no mandado do 2015-2019 non se puido realizar debido ao bloqueo constante. Manifesta que o documento que teñen foi elaborado única e exclusivamente por persoal municipal, polo Sr. Secretario, trasmitíndolle o agradecemento polo traballo, esforzo e compromiso e dedicación na elaboración do documento. Remitiuse a todos os representantes sindicais e membros da Corporación, ningún voceiro da oopsic’no requiriu explicación algunha sobre o documento. O Concello de Monote de Lemos vai ter por fin é un documento traballado, serio, riguroso e que beneficia a todos os traballadores do Concello, e non perxudica a ninguén. Sinala que ningún traballadora fuese perxueicado polo aprobación da RPT qu se empregasen todos os mecanismos para que non se reducisen as retribucións de ningún traballador, que non existise discriminación entre homes e mulleres, que a RPT tiña que basearse en igual traballo igual salario, a RPT debía ter como eixe central ao posto de traballo e non á persoa que o desempeña, non se olviden que a RPT documento de permanencia, rematar con sistuaciones salarias inxustas, o coste da RPT do Concello e da UAD ascende á cantidade de case 400.000,00 €. Fala das subidas na RPT por departamentos.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que hai cousas que non se axustan á realidade. Cando dixo vostede que ninguén se dirixiu ao Secretario para pedir explicacións ou que lles dixera os pormenores do traballo, é mentira sinalando que el solicitou unha xuntanza dos voceiros e co equipo redactor da RPT, iso non se fixo, polo que non diga que non se requiriu a intervención do Secretario, iso é mentira e non se lle contestou nin que si nin que non. A importancia da RPT a saben todos. Falan vostedes que non houbo esa oportunidade política, en democracia sempre hai oportunidade, o asunto é querer negociar, debater, no pasado mandato tampouco se trouxo unha RPT polo tanto non se pode dicir que houbo acoso e derribo cando non é certo. Di que eles van votar en contra polo fondo e polas formas, fala vostede da mesa de negociación, se vostede tres xuntanzas, onde apartaronse enmendadas e se aceptaron un par delas, e cre que non é unha relación d epostos de traballo xustas, fala vostede de que en postos moi parellos, varía dun posto a outro sendo similar, no complemento específico por exemplo na penosidade, que hai operario do cemiterio que ten 5 puntos e o secretario ten 10 puntos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que minten dicindo que, xa recoñecen vostedes que tiñan pensando facer a xuntanza cos sindicatos o día 5 e o pleno de aprobación o día 17, entón de que negociación falan. Non é certo que o 100% dos traballadores salgan ben. Di que a RPT non é para valorar postos e non persoas, minte, esta RPT non é está negociada. Si que é certo un 10% dos traballadores van ter un complemento personal transitorio, hai un 30% dos traballadores que se poden subir uns 500,00 e. Dentro dun mes van pasar outro rodillo van enviar a documentación para o pleno dos presupostos. Hai un 12% dos traballadores que se incrementa o complemento personal transitorio.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles considerán que a relación de postos de traballo é un documento fundamental, por moito que presuman que agora que o fan é polas esixencias que teñen pola estabilización. Di que ela solicitaba a relación de postos de plantilla, ela non se refería ao que primeiro hai que facer, unha vez realizada a entrevista aos empregados e despois elaborar esa plantilla coas funcións que veñen desempeñando ata agora, e despois as funcións que vostedes pretenden que desenvolven en adiante. Por un lado non digan que non se preguntou. Di que ela está a favor dunha empresa externa, este equipo de goberno, para elaboración doutros documentos si gastan cartgos, é de vital importancia que haxa máxima obxectividade posible. Dicit que o secretario que está de acumulado que coñeza perfectamente o Concello. Unha empresa externa na que os empregados se sintan liberados para falar. O equipo de goberno son vostedes non o secretario do Concello. Por iso as formas non lle parecen as máis axeitadas. Parécelle unha relación de postos arbitraria, non se aumentou a masa salarial pero nun dunha maneira igualitaria. As relación d epostos de traballo debe ser un documento consensuado, en moitas administracións públicas se negocian con meses, di que teñen coñecemento de que quixeran negociar, dudan de que realmente se fixo unha relación de postos, consideran que é fundamental que haxa máis negociación coas representacións sindicais. É un documento vivo e que se poderá modificar é o que lles alivia. Fala de que aparecen máis postos de traballo de persoal técnico de urbanismo e contratación.

Intervén D^a Gloria M^a Prada continúa .Di que á falla de , na negocaiación colectiva di que estivo ela. Todo o qu emenciono u con ello o Concello trouxo a totalas mesas unha proposta seria e firme e real á necesidade do Concello e por suposto beneficiosa, polo contrario as centrais sindicais CSIF, CIG, CCOO non trouxeron proposta algunha, alegaron a falla de tempo para analizar o documento. Pero miren vostede que casualidade, pero miren vostedes a viva voz se enumeraron unha serie de propostas, miren sus alegacións prantexaban unha negociaci'no do manual de valoración que casualidade a cig, a negocaiación etivo centrada neses traballadores neses postos de traballo, mensaxe de agradecemento á UXT, dicitno que era unha RPT serie e boa e creaba prazas para o Concello de Monforte, que o incremento económico non se podía rexeitar. Para nada as tres centrais sindicais, mencionaron da subida cim, ss e da policía Local.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o que el entende que habería que facer, nunha unha relación de postos de traballo negociada, empeza negociando o manual de valoración, con ese manual de traballo aplícalo a cada posto de trabalo, e así sería moito máis factible chegar a un acordo. Habería que ter reunión as que fixeran falta, intentar chegar ao pleno coa firmas de todas as centrais sindicais, e se todo o mundo esta de acordo neste caso traballadores. Vostede conta como foi esa negociación, di que eles teñen as actas, cre que hai gravacións se pedirán próximamente, en definitiva, non é soamente o

incremento salarial, fala de cambios de categoría, especificación de traballos concretos, cando de catro representacións sindicais no Concello, unha ligada historicamente a ao partido socialista UXT, e outros tres que representan ao 75% dos traballadores, non está de acordo, por algo haberá.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta que hai que vir chorrado de casa. Di que eles presentaron esto que lle contestaron inmediatamente, di que é unha falta de respecto á posición que tarde tres meses en entregarlle unha factura . O 90% dos sindicatos din que non lle firman esta RPT, por algo será, non cre que teñan o problema o 90%. Se vostede tiveran o 90% da representación sindical, pásalle como a eles, o que único que deberían facer é seguir negociando, e que non falen de arbitrariedade, o xefe da unidade técnica de contratación, ten un 30 e o xefe de atención cidadá ten un 90, que cando saben que non é así. Fala da responsabilidade, vostedes todas estas cousas poden explicalas, fala do tema da penosidade, non é mesmo estar no cemiterio que exercer de secretario. Todas as cousas que trae aquí intenta dirixirle a eles por rexistro, por rexistro tardan 90 días.

Intervén D^a Katherinie Varela di que saben que hai un aumento da masa salarial importante, de aí que haxa traballadores que estean contentos, o que critican as formas, porque está claro que é unha relación de postos sen ter asesoramento externo, cren que non tiveron en conta aos representantes sindicais. Os representantes defenden dunha maneira máis fehaciente aos traballadores, porque teñen a formación adecuada para poder defender adecuada para defender os seus dereitos e van cunha valentía distinta para defender os seus dereitos.

Fala de negociación cos representantes sindicais, fala de axente externo, falta de negociación, sinala que hai un certo perxucio aos postos de traballo, teñen bastantes argumentos para emitir un voto en contra.

Intervén D^a Gloria M^a Prada manifesta co seu voto en contra van ter que buscar argumentos moi sólidos para dicirlos aos traballadores que apoian esta RPT, ser coherentes co que están facendo. Son responsables ante os que votan en contra, a inmensa maioría dos traballadores non se atopan representados polas tres centrais sindicais, a inmensa maioría non se lles convocou a ningunha assemblea nin as decisións que ían tomar as centrais sindicais, so se limitaron a defender intereses particulares. A convocatoria e o procedemento se fixeron axustados á legalidade. Pretendían a enmenda a totalidade, hai que vir con propostas. Pensen o que van facer.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este é un tema suficientemente importante para deixar claras algunhas cousas. Dille a D^a Katherinie dada a representación política que eles teñen no Concello non están nerviosos, moi tranquilos, sen crispación. Dille a D. Emilio vostede di que non atende á realidade, non sabe en que se basa, ou simplemente ten a intención de criticar por criticar. Vostede acusa de mentira que non tiveran ocasión de, a potestade de convocar a xunta de portavoces é do alcalde, vostede se quere unha aclaración calquera dúbida que lle preguntara ao Secretario. Non veñan dicindo que minten, os que minten son vostedes. O do pasado mandato, había seis concelleiros, e o resto tiñan 11, e pasaba con que cada proposta que presentaban se tumbaba. El dixo que cando se deran a oportunidade política a traería, manifesta que este equipo de goberno cumpre o que di. Non veña vostede coa excusa de tres reunión, porque non ten razón, e logo fala do manual de valoración, resulta que se critica o manual, e logo se utiliza para a

elaboración dun posto, que xa era privilexiada, porque alguén cobra 5.000,00 euros máis que alguén similar a ela.

Dille a D. Germán que tivo coñecemento da súa actuación no despacho do sr. Secretario fai uns días, se se volve a dar a circunstancia de mala educación de ameazas, gritos que proferiu no seu despacho non volve entrar nese despacho, poña educación, non pode entrar nun despacho dun secretario con impropiedades con insultos, qué sabe vostede de dereito? Xa vai sendo hora que a gardería fai tempo que pasou. Vostede di que non saben do que falan, se alguén no sabe do que fala é vostede D. Germán. Vostede confunde tomar decisións cun rodillo. Falan dos operarios, non se pode subir o complemento de destino porque están no límite, por iso se lles subiu o complemento específico.

D^a Katherinie ten votede moita imaxinación, di que o traemos aquí porque o decreto de estabilización. Di que hai unha lei dende o ano 1984 obriga a ter unha relación de postos de traballo. Di que eles empezaron cos traballos da RPT moito antes que o decreto de estabilización. Vostede pregunta por cousas que xa as ten , o que pasa é que xa as ten, o que pasa é que hai que traballar. E logo fala vostede de transparencia, transparencia toda, por iso se lle facilitou o documento aos grupos políticos que as centrais sindicais, non teñen obrigación ata que se convocara a comisión informativa. O que se fixo foi corrixir algunha tropelía e algunha inxustiza que outros fixeron. Di que en pura teoría terían que igualalos a todos, e para evitalo puxeron o complemento personal transitorio. Porque hai persoas que cobraron máis que outras. Unha cousa democrática nunca é arbitraria. A el non lle gustou a reforma laboral do PP, pero mentres estivo aí. Foi mala para os traballadores porque creou moitos postos de traballo eventuais. E se é arbitraria para iso están os tribunais, como lles explica aos traballadores. Di que el non engaña a ninguén, eles cumpren co seu compromiso, pero si se da a circunstancia el non ten presa en facer outra RPT.

A mellor defensa dos traballadores non é quen negocia toda a vida e cando hai que firmar un convenio non o firman. Hai que ser sensatos nunha vez por todas, a mellor defensa dos traballadores está nesta RPT.

En maio fixo 43 anos das primeiras eleccións democráticas, case once mandatos, aquí gobernou UCD, gobernou CG, o Partido Popular, BNG e actual goberno sete anos, catro a efectos da RPT inútiles porque non se daban as condicións políticas para poder aprobalas. Despois de 44 anos vai haber unha RPT porque este Alcalde e o equipo de goberno cumpre o seu compromiso. Pero ninguén se atreveu a traer a pleno unha proposta de RPT, cando el estaba na oposición a anterior responsable do persoal para pedir apoio e dixo que el se ía abster, pero non sabe que pasou polo medio que ao final non chegou a vira o pleno. A RPT é a relación de postos de traballo é un instrumento técnico obrigatorio co que as administracións públicas organiza a súa estrutura de prazas e postos. Polo tanto non se está falando de persoas, da estrutura organizativa da empresa, é dicir, debe responder ás necesidades da empresa e non ás necesidades persoais. Os gobernos teñen unha obrigación que é dicidir, e gobernan porque queren que este pobo medre e mellore. A obrigatoriedade da RPT está establecida na Lei 30/1984 de 2 de agosto. O certo é que os anteriores gobernos non foron capaces de cumprir a obrigación legal. Sinala que nesas etapas non escoitou a algún representantes sindicais nin abrir a boca para queixarse nin nada de nada, e iso está aí, posiblemente isto obedeza agora máis a tema político que sindicais. Sinala que si el fora populista non estaría facendo isto, porque é bo para os traballadores e bo para o Concello, para prestar mellor servizo aos cidadáns. Por un lado falan dunha empresa externa, deixen que decidamos, e xa decidimos, fala do custo ao Concello de 135.672,88 euros as RPT que se tiraron á papeleira. Este proxecto de RPT que

presentan non lle custa ao Concello ningún so euro, coa diferenza que eles gastan ben o diñeiro público. Di que el sabe o que é xestionar, así que eles fan este documento a coste cero para o Concello. Fala de afrontar a situación dunha forma seria e rigurosa, por moito que lle pese alguén. Fala de total transparencia e cun tempo de cinco ou seis días con anterioridade á primeira reunión, en política non hai fins de semana. Despois falábase de que non daba tempo a mirar, o documento son 247 páxinas, falar por falar, nada de 400 páxinas como se dicía. O obxectivo que tiñan para mandarlles a documentación con tanta anticipación, que puideran aclarar calquera dúbida e se lles comunicou por escrito que serían aclaradas pola secretaría xeral do Concello. A unidade administrativa non ten ningunha responsabilidade, o trae o equipo de goberno, e se algunha culpa é do que asume a responsabilidade política. Sinala que as consultas non se produciron, ninguén foi xunto do Secretario a preguntar nada, tiñan vostedes unha preocupación tremenda por aclarar. Di que estase chegando ao final dun documento de traballo serio e riguroso, que beneficia á inmensa maioría dos traballadores/as do Concello e sobre todo non perxudica a ninguén. Di que o alcalde tomou a decisión de acometer esta RPT polos propios medios municipais, di que o culpable é el. Fala das liñas vermellas, era que ningún traballador/a fose perxudicado, e así é, a segunda das liñas vermellas que non existise discriminación salarial, non poden cobrar de xeito distinto dúas persoas que fan o mesmo. El sabe como entrou algún traballador/a e agora non ocorre. Iso dos grupitos de pactos de poder rematou, asegura que existían. A terceira das liñas vermellas era que tiña que basearse a igual traballo, igual salario, a cuarta liña vermella era que tiña que ter como liña central o posto de traballo e non á persoa, a RPT ten que ser un documento obxectivo, e a derradeira liña era rematar con esas situacións salariais inxustas, que as había para arriba e para abaixo, que se viñan producindo sen que ningún lle puxese remedio, agora todo o mundo quere todo, e antes onde estaban. Manifesta que el sabe perfectamente como funcionaba todo isto. A coste da RPT supón case 400.000,00, euros, que de media en número redondos terá un coste aproximado de 4.000,00 euros por traballador e ano, de media, é unha RPT xenerosa, a diferenza doutras esta vez escoitouse aos traballadores, e cada un deles elaborou unha ficha do seu posto de traballo. Por certo non houbo ningunha asemblea xeral para explicar a RPT. A diferenza está clarísima os que din que falan no nome dos traballadores deberían contar co que fixeron eles, deberían contar con todos. O que non se pode recoller o que todo o mundo pide. En relación coa negociacións cumpriuse o que establece a lei, xa sabe que todo o mundo quere ir máis aló, cumprir a lei é o democrático. A negociación foi real, efectiva, establecida en tempo e forma e os sindicatos tiveron tempo suficiente. Quere agradecer a paciencia que tivo a Tenente Alcalde aguantando os insultos e a mala educación dalgúns sindicalistas, se fose el o que presidía, daría por rematada esa reunión.

En conclusión, a negociación foi clara e efectiva, estimaron aquelas que enriquecían o texto, e pola contra polas representacións sindicais, non se presentou ningunha proposta. Polas representacións non se presentou ningún documento, foron temas moi persoais, e no informe teñen todas as alegacións e as respostas. O importante é que agora cumpriuse e agora sí a RPT ven a pleno, non perxudica a ninguén, dos 103 traballadores soamente 5 ou 6 non teñen incremento salarial porque están cobrando por riba do que lle corresponde sen ningunha xustificación. Fala do beneficio de traballadores durante anos, e non sabe por que e para que, a lei permite nivelar os salarios dende agora mesmo, a través dunha modificación sustancial das condicións de traballo, non quixeron perxudican a ninguén e por iso se puxo ese complemento persoal transitorio. Fala dun despido dun traballador que lle pagaron 12.000,00 euros de indemnización. Fala de inxusticias que ninguén se

preocupou durante anos. Os mesmos que estaban en contra do regulamento do conservatorio, agora din que foi moi positivo. Sinala que menos mal que eles teñen máis sentidiño, o Concello de Monforte non está obrigado a ter un conservatorio. Sinala que el cre no público por iso non privatizou nada.

Os 400.000,00 euros que custa a RPT a este equipo de goberno veníalle moi ben para investir en melloras do Concello, di que as inxustizas estaban case todas inclinadas todas para o mesmo lado, vostedes miren e xa verán. Quere que a RPT se aplique no presente mandato, vai ser en tres exercicios presupostos 2023 un 34% , e nos dous seguintes un 33%. Deste xeito cando lles dixen que lles ía dicir a opinión real dos traballadores/as, di que esta maña nun sobre chegou á alcaldía un documento que recolle quen está a favor, quén esta en contra, quén non contesta, ou incluso a quen non lle preguntaron. Dos 103 traballadores, a favor 69, iso supón o 67% dos traballadores, en contra que manifestaron a vontade 13 traballadores, que supón o 12,65%, de baixa 2 traballadores, non saben 2 traballadores, que non lles preguntaron outros 14, aínda sumando todo isto supondría o 33%, eses son os datos reais. Algúns sindicatos non todos están equivocados, por certo, se tal como dixeron van retrasar a entrada en vigor a través de recursos xudiciais, serán as representacións sindicais, os responsables do dano que causen aos traballadores/as. Dalle a noraboa aos traballadores/as porque pasan das palabras aos feitos, quere darlle as grazas polo apoio, queda explicitado no 67% dos traballadores/as que apoian a RPT.

Vai ler a carta que enviaron os traballadores, documento que voluntariamente aportan traballadores/as para manifestar o seu apoio á RPT. Da lectura á carta dos 69 traballadores recibida na alcaldía. Manifesta que isto é a realidade dos feitos, e se despois disto din que perxudica aos traballadores deben falar con eles.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.-MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA O ANO 2023.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

Vista as obrigas contractuais que ten o Concello coas empresas que prestan os servizos de Recollida, Tratamento e Eliminación de Lixo , abastecemento de auga, prestación se servizos rede de sumidoiros e depuración faise necesario incrementar as tarifas en concordancia ao IPC. (Setembro 2021- setembro 2022 8,9%)

Respecto da Ordenanza Fiscal Xeral dos Ingresos Municipais modifícase o calendario fiscal para o exercicio 2023.

Vistos os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais,

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificacións das seguintes Ordenanzas Fiscais:

1.1) ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

A) Modificar artigo 13 "Calendario Fiscal" - Períodos de cobro Tributos.

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	14/04/20 23	14/06/20 23
b. Imposto de Bens Inmobbles	Anual	04/08/20 23	04/10/20 23
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	17/08/20 23	17/10/20 23
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2022	28/02/20 23	28/04/20 23
	1º bimestre 2023	27/04/20 23	29/06/20 23
	2º bimestre 2023	23/06/20 23	23/08/20 23
	3º bimestre 2023	25/08/20 23	25/10/20 23
	4º bimestre 2023	27/10/20 23	27/12/20 23
	5º bimestre 2023	28/12/20 23	28/02/20 24
	6º bimestre 2023	28/02/20 24	29/04/20 24
e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	2ª fracción curso 2022/2023	08/03/20 23	08/05/20 23
	1ª fracción curso 2023/2024	26/10/20 23	28/12/20 23
f. Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2022	30/12/20 22	28/02/20 23
	1º bimestre 2023	01/03/20 23	03/05/20 23
	2º bimestre 2023	29/04/20 23	30/06/20 23
	3º bimestre 2023	01/07/20 23	01/09/20 23
	4º bimestre 2023	31/08/20 23	31/10/20 23
	5º bimestre 2023	31/10/20 23	02/01/20 24

	6º bimestre 2023	30/12/20 23	28/02/20 24
g. Resto de taxas		21/09/20 23	21/11/20 23

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

B) Modificar penúltimo parágrafo do artigo 14 "Domiciliacións". Actualización da data de cargo dos recibos do Imposto sobre Bens Inmóbeis fraccionados en dous períodos (60% e 40%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO- 14 DOMICILIACIONES

(...)

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóbeis de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realízase o día 04.08.2023 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

(...)

1.2) ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA. TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO

A) Modificación artigo 6 "Cota Tributaria". Incremento 85% do IPC (8,9%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRIPCIÓN	Importe €/ bimestre
Vivendas	
Zona Urbana	14,23
Zona Rural	7,13

Actividades

<i>Locais sen actividade</i>	14,23
<i>Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	33,21
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	49,84
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	66,45
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	99,65
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	149,48
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	83,03
<i>Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969</i>	
<i>Ata 100 m²</i>	51,25
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	73,48
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	122,47
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	171,46
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	97,97
<i>Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	39,85
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	59,79
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	79,73
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	119,59
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	179,38
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	99,65
<i>Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951</i>	
<i>Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>	
<i>Ata 100 m²</i>	19,93
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	29,89
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	49,84
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	69,75
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	39,85
<i>Con servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>	
<i>Ata 100 m²</i>	21,93
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	31,44
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	52,38
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	73,33
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	39,05
<i>Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699</i>	

<i>Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	26,58
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	39,85
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	53,14
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	79,73
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	119,59
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	66,45
<i>Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179</i>	
<i>Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76</i>	
<i>División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	18,96
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	28,44
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	37,93
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	56,9
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	85,35
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	47,41
<i>Outras actividades non tarifadas expresamente</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	18,96
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	28,44
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	37,93
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	56,9
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	85,35
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	47,41
<i>Profesionais e artistas</i>	
<i>Sección 2^a e 3^a</i>	
<i>Profesionais e artistas</i>	17,06

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais

superficie

1.3) ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (8,9%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5.- TARIFAS

TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

<i>DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único</i>	<i>0,1585 €/m³</i>
<i>INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único</i>	<i>0,2378 €/m³</i>

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

<i>ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS</i>	<i>3,44€ / bimestre</i>
<i>ABONADOS INDUSTRIAIS</i>	<i>7,13€ / bimestre</i>

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

1.4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA

Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (8,9%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

A. Usos domésticos

<i>A.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado</i>	<i>o m³ a 0,1981 €</i>
<i>A.2.- Consumos entre 11 e 25 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,3170 €</i>
<i>A.3.- Consumos entre 26 e 50 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,5548 €</i>
<i>A.4.- Consumos de máis de 50 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,7926 €</i>

B. Usos industriais

<i>B.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado</i>	<i>o m³ a 0,1585€</i>
<i>B.2.-Consumos entre 11 e 80 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,3566 €</i>
<i>B.3.- Consumo entre 81 e 150 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,8718 €</i>
<i>B.4.- Consumos entre 151 e 300 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 1,1889 €</i>
<i>B.5.- Consumos de máis de 300 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 1,8626 €</i>

C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,3964 € / m³

D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 1,957€ / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre: 118,89 €

Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre: 594,45 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda: 23,76 €

Por cada local de negocio: 31,70 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 7,919€

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 47,56€

H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das

condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m³ a 0,0475 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

TERCEIRO.- *Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

CUARTO.- *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2023 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada manifestando que non se procede á subda de taxas e impostos de ningún prezo público, a excepción das obrigas contractuais que ten o concello, abastecemento de auga, recollida de lixo, sinalar e resaltar no servizo de limpeza é do 0,85% do IPC tal como se establece no contrato, modifícase o calendario fiscal para o período de cobros de tributos, sinala que o IBI as datas de cobro do 4.08.23 ao 04.10.23.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que como fixeron no pasado ano di que eles votaron en contra, non se recollen reivindicacións como é a bonificación do ICIO, bonificación nas piscinas para as persoas acompañantes, baixada do tipo do IBI dunha forma paulatina, eles sendo coherentes. Eles veñen a debater con argumentos máis ou menos acertados, pero el non ven a faltarlle ó respecto a ninguén e moito menos a ameazar a ninguén. El vota o que cre convinte, polo tanto democraticamente, polo tanto matice as palabras que dixo referíndose á concelleira, “atéñase vostede ás consecuencias”. Di que a el non lle fae falta dicir mentiras. Cando falaba vostede no pasado mandato esqueceuse dicir, que se aprobaron os orzamentos, foi un, non foron todos en contra, son cousas que hai que matizar.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando o seu voto en contra, xa que lle gustaría que se baixase o IBI, xa que o non o van facer. Pide permiso para dirixirse ao Sr. Alcalde, gustaríalle que porfavor se ten a gravación que oíu da conserva que tivo co Sr. Secretario,

Pleno ordinario 31.10.2022

pois que a facilite para que a mostre á prensa, di que tivo unhas palabras co Secretario, pero non vir aquí a dicir que lle faltou o respecto a ninguén, porque ten familia e amigos, se vostede ten a gravación quere tela e xa fará o queira con ela. Outra cousa que lle gustaría saber se hai policía xurídica, di que a el xa falou de que rechinaban algunhas cousas co Sr. Secretario, agora de que vostede traia ao pleno unha carta anónima dunha cousa que lle contaron que non quere pensar que hai traballadores do concello que foron posto por posto en horario de traballo, e despois quería dicirlle que tamén hai moita xente según quen pregunte poden contestar unha cousa ou outra. Sr. Tomé se vostede é un renconroso xa o sabemos.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle que lle retira a palabra ao Sr. Germán porque non pode faltar ao respecto desa forma.

Intervén D^a Katherinie Varela di que se estivo case dúas horas co primeiro punto. Xa vir cunha carta asinada polos traballadores, que si realmente a fixeron de motu propio pois que a fagan chegar á oposición, se queren votar en contra dun documento o van facer. O último que había que escoitar neste pleno que os responsables son vostedes de non votar a favor da RPT. Cre que un 30% de persoal non saben ven o que opinan, está claro que hai que falar con eles.

Fala de que co remanente que existe, non é posible que o concello non repercuta tanto a suba do IPC aos cidadáns, para un cidadán se lle suben o IPC en todo, o van pasar mal, non pode a Administración local rebaixar esa subida do 8,9%, se se vai subir eles non poden votar a favor.

Intervén D^a Gloria Prada di que non vai retirar nada, e volve repetir co seu voto en contra terán que explicarlles aos traballadores porque no votan a favor da RPT, sexan responsables como oposición o que teñen que facer e senón houberan falado cos traballadores. Vostedes son como o “perro do hortelano”, nin come nin deixar comer. Vostedes piden que non se suban impostos pero logo queren ter servizos. Aquí vense a dicir non e non. Di que eles van cumprir co que teñen que facer.

Intevén D. Emilio José Sánchez di que el xa dixo o porqué do seu voto en contra. Vostede non sabe se el falou cos traballadores, el pode dicir que si. Realmente é cuestión do seu traballo. El non vai votar algo a favor sabendo que está mal.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que o certo é que eles revisaron. Fala da petición que realizou para reunión cos traballadores, e con todos os representantes sindicais pedindo un lugar para a citada reunión. Di que eles si que intentaron falar con todos. Vostede Sr. Prada si que se adica profesionalmente a isto eles non. Con quen se reúne ou se deixa reunir non lle debe explicación a vostede Sr. Prada, di que eles o intentaron e se negaron.

Intervén D^a Katherinie Varela di que se podía rebaixar a suba do 8,9%, aínda que dixo a señora Prada que é subida mínima. Cre que se entende perfectamente o que queren dicir. Pretenden que se fagan unha serie d egastos, pero hai outros nos que non están de acordo. Despois teñen un remanente, ao mellor hai unha partida que non é tan urxente e que a poden aplicar aos cidadáns.

Intervén D^a Gloria M^a Prada dille a D. Germán que se os seus votantes saben que está aquí como un hobby, dille que ela non mentirosa e sabe o que dixo na mesa de negociación, efectivamente cobra polo traballo que fai, di que era serie no seu traballo. Se vostede non convocou aos traballadores é o seu traballo, convoquelos vostede, non pode facerlle o seu traballo.

Aquí o que hai é aplicación do IPC contractualmente, non se sube ningunha taxa, e é o que vai aplicar, non pedir permitir que se baixen porque non hai ningunha subida de taxa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non hai ningunha suba de taxas e impostos, o que se fai é a actualización do IPC, polos contratos, soamente en dous contratos asinados polo partido popular que é o da auga e o do lixo, que o asinou o BNG.

Non poden queixarse que se permitiron falar de cousas que non teñen nada que ver aquí con este punto, o que non se pode facer isto permanentemente. Aquí non hai crispación, o que hai que ter é orde. As ordenanzas fiscais conxeladas durante oito anos, habería que ver se os anteriores gobernos fixeron o mesmo.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

5º.-APROBACIÓN DA SEXTA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO SIL O.A, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS. RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 11 de outubro do 2022, con base en:

I. Que en data 20 de setembro de 2017 otorgouse Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, posta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado "Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo".

II. Que en data 29 de decembro de 2017 (BOE núm. 41 de 15 de febreiro de 2018), 2 de decembro do 2019 (BOE número 13, de 15 de xaneiro de 2020) 9 de novembro de 2020 (BOE número 338 de 28 de decembro) e 21 de abril de 2021 (BOE número 103, de 30 de abril) o convenio foi obxecto de catro modificacións polas que se reaxustaron o número e importes das anualidades e prorrogouse a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2022.

III. Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula quinta do convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar a financiación á execución das actuacións obxecto do Convenio.

IV.- Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a suscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

V. Que conforme ao establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos e, en calquera caso momento antes da finalización do prazo previsto, os firmantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción.

VI. Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e presupostaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, polo que procede modificar as aportacións económicas, para a boa marcha e execución do Convenio, así como prorrogar a vixencia do Convenio dentro dos límites legais.

Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiación do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A tal fin, en vista do manifestado anteriormente, as partes acordan subscribir a presente modificación ao convenio de referencia, con arreglo ás seguintes

PRIMEIRA.- Obxecto da Addenda.

O obxecto desta adenda é modificar o importe da actuación así como a distribución das anualidades establecidas no Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, poeta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado "Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo", outorgado en data 20 de setembro de 2017.

SEGUNDA.- Modificación da cláusula cuarta.

Modifícase a cláusula cuarta do convenio relativa ao custe das actuacións e financiación do seguinte xeito:

- 1.- A inversión total necesaria para a actuación estimouse en 1.492.000,00 euros.*
- 2.-O custe da inversión financiarase con cargo á aplicación presupostaria 456A 600, código de proxecto 2012.23.231.0005 do presuposto de gastos do Organismo de conca.*
- 3.- De acordo co anterior, a financiación da obra realizárase conforme á seguinte fórmula:*

- A Deputación de Lugo aportará 532.846,48 euros con cargo á aplicación presupostaria 1600.721.*

- O Concello de Monforte de Lemos aportará 426.307,03 euros, con cargo á aplicación presupuestaria 160.721.09.
- A CHMS aportará 532.846,49 euros con cargo á aplicación presupostaria 456A 600.
-

A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:

Modifícase o anexo I Anulidades, que queda establecido do seguinte xeito:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO –SIL O.A	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	890.937,19 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	301.739,89 €	139.419,49 €	108.973,05 €	87.184,54 €
	1.492.000,00	532.846,49 €	532.846,48 €	426.307,03 €

Tendo en conta que a primeira columna se corresponde coa execución da actuación ata a data.

	TOTAL
2018	47.190,00 €
2019	0,00 €
2020	252.132,92 €
2021	890.937,19 €
2022	301.739,89 €
TOTAL	1.492.000,00 €

E que as aportacións correspóndese coas efectuadas conforme ás adxudicacións dos Pleno ordinario 31.10.2022

contratos:

	<i>Efectuadas a data 30.09.22</i>	<i>Importe máximo pendente 2022</i>	<i>Totais previstas convenio</i>
CHMS	490.475,01 €	42.371,48 €	532.846,49 €
DP LUGO	488.549,96 €	44.296,52 €	532.846,48 €
CONCELLO DE MONFORTE	391.417,62 €	34.889,41 €	426.307,03 €
TOTAL	1.370.442,59 €	121.557,41 €	1.492.000,00 €

A presente adenda de modificación resultará eficaz trala inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; adicionalmente será publicada no Boletín Oficial do Estado.

Polo exposto PROPOÑO, que ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Aprobar a Sexta addenda ó Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de modificar os importes das anualidades vixentes, sen modificar o importe total da actuación nin os compromisos de financiación establecidos.

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO -SIL O.A	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE MONFORTE DE LE MOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	890.937,19 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	301.739,89 €	139.419,49 €	108.973,05 €	87.184,54 €
	1.492.000,00	532.846,49 €	532.846,48 €	426.307,03 €

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Pleno ordinario 31.10.2022

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se acumulan os dous puntos. Manifesta que nun caso é para actualización de prezos no punto, e o punto 6 para reanualizar os pagos.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.-APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL , O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACCIÓN DUN ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 11 de outubro do 2022, con base en:

I. Vista a aprobación polo Pleno da Corporación na súa sesión de 29 de xuño do 2020 o CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACCIÓN DUN ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE.

II. Vista a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de modificación do importe das anualidades do anexo.

A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:

a.- Modificación do Anexo

Modifícase o Anexo Anualidades previstas, que queda establecido do seguinte modo:

Administración	2020	2021	2022	2023	2024	Total
CHMS O.A	28.000,00 €	8.000,00 €	91.892,36 €	652.107,64 €	1.140.000,00 €	1.920.000,00 €
CONCELLO DE MONFORTE	7.000,00 €	2.000,00 €	22.973,09 €	163.026,91 €	285.000,00 €	480.000,00 €
TOTAL	35.000,00 €	10.000,00 €	114.865,45 €	815.134,55 €	1.425.000,00 €	2.400.000,00 €

A presente adenda de modificación resultará eficaz trala publicación no Rexistro Electrónico

Pleno ordinario 31.10.2022

estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, adicionalmente será publicada no Boletín Oficial del Estado.

Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Segunda Addenda Modificativa do CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE, coas seguintes anualidades.

Administración	2020	2021	2022	2023	2024	Total
CHMS O.A	28.000,00 €	8.000,00 €	91.892,36 €	652.107,64 €	1.140.000,00 €	1.920.000,00 €
CONCELLO DE MONFORTE	7.000,00 €	2.000,00 €	22.973,09 €	163.026,91 €	285.000,00 €	480.000,00 €
TOTAL	35.000,00 €	10.000,00 €	114.865,45 €	815.134,55 €	1.425.000,00 €	2.400.000,00 €

SEGUNDO.- *Remitir o acordo á Confederación Hidrográfica do Miño – Sil O.A.*

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- CORRECCIÓN DE ERRO DO NOME DO PARQUE DE COVAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria. Transcríbese a proposta:

“O Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o día 26 de setembro do 2022 prestou aprobación provisional ao nome de “Parque de Cobas”.

Unha vez adoptado dito acordo detectouse un erro xa que o nomeamento tradicional coñecido é o nome de “Parque de Covas” e non o de “Parque de Cobas”.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Procede a corrección de erro de transcripción conforme ó artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, así onde dicía “Parque de Cobas” pase a dicir “Parque de Covas”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Pleno ordinario 31.10.2022

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que na proposta viña ao pleno do parque de Cobas é con “v” non é con “b”, polo tanto había que corrixir ese nome.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que cada vez que cambian a “b” pola “v” terán un estudo de toponimia, en definitiva, se vostedes cren que hai que cambialo, parécelle correcto pero sendo coherentes haberá que cambiar o nome á rúa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que recibiu un sobre anónimo cunha carta, aproveita este tema da nomenclatura dos parques, lle escribiron a posibilidade cando vostedes vaian a tratar o tema os nomes das posibles rúas os seguintes: D. Carlos Castro Losada, D. José Dapena Illanes, barrio de Rioseco, enxeñeiro de camiños, que grazas a el Monforte tivo a primeira pranta de butano, D^a Manuela Saez, e D. José Castiñeira Puente, alcalde do Concello que fixo xestións coa Casa de Alba.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que se ciña á cuestión.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a rúa de Cobas non lle puxeron eles o nome. Eles corrixen o erro que fixeron eles.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non lle di que sexa culpa súa, se se poñe parque de Covas con “v” haberá que poñer a rúa Covas con “v”.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (ESPERTA MONFORTE) PARA DESTINAR OS FONDOS E RECURSOS PUBLICOS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS PÚBLICOS.

A moción non se dictamina por non estar presente o presentante da mesma. A Comisión acorda que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que no futuro priorice a asignación de fondos públicos para manter e mellorar os servizos e equipamentos públicos do noso Concello”.

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á súa moción. Chámalle á atención que sempre lle chama a atención a el e non lle chama a atención aos demais.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está falando cun compañeiro e ninguén se está referindo a vostede. Pode continuar.

Intervén D. Emilio José Sánchez centrándose no que vai votar na parte dispositiva, no punto segundo van votar a favor diso, valorando a exposición de motivos si que hai cousas que son certas. Di que eles dende o BNG non teñen nada contra o Calasancio, ven de cumprir 50 anos, cre que cando se fala do CPCalasancio estase falando dos Pais Escolapios, e polo tanto cren que ese 40% das horas útiles que fan aquí, se despois os equipos do Calasancio piden as instalacións deportivas municipais, en total aproveitanas no 100% . DCren que fondos públicos en instalacións privadas, a ferramenta que existen son os

convenios, eles non están en contra que se fagan cousas en Monforte. Fala de facer un pavillón novo e buscar formas de financiamento. Aмоса o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles xa teñen coñecemento de que o campo dos Escolapios necesitaba un arranxo, de feito a Agrupación do Partido Popular si se comentou se dende a Xunta de Galicia se podería facer algún convenio de colaboración. Lle parece que se se quere beneficiar dun diñeiro público dunha estrutura privada é o adecuado. Sinala que se lle alegra que non soamente se arranxara ese campo e os outros dous. Aproveita a exposición para lembrarlle ao alcalde para que se fixe na administración autonómica. Fala de que non hai ningún interese por parte do Concello en colaborar coa Xunta de Galicia, fala dunha axuda de mellora de instalacións deportivas en colexios e nin sequera se pediu. Manifesta que o seu partido político sempre apoio as colaboracións entre o privado e o público, votarán a favor.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que o prantexa aquí que se priorice o público, iso é o que se están facendo. Todas as preguntas que fai aquí son retóricas, claro que se destinan fondos á mellora de instalacións públicas. Se os cidadáns lle dan confianza seguirá sendo así. Ningún alcalde xestionou fondos desta magnitude para esta cidade. Aquí non hai ningún oscurantismo, todo é transparente. Fala de que se cede unha instalación deportiva por un tempo de 10 anos, é para o beneficio de todos os monfortinos. Di que non van aceptar esta moción.

Intervén D. Jaime Germán di que eles teñen claro que é para beneficiar aos monfortinos. Pero consideran que é preciso realizar todas estas cuestións para futuras inversións. Falar de oscurantismo aquí non é certo. O que di é que se priorice o gasto do privado no público, vostede Sr. Torres non leu a moción. Sinala que é unha moción que lle dan, terá os seus erros, di que eles non fan nada de oscurantismo non van en contra do Concello, lles parece chocante que é representante do Infanta Elena e que pediu aquí unha canastras de 350 euros, e dixeron que non. O que se piden é priorizar.

Intervén D. Emilio José Sánchez reitera o seu voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres di que el ten por costume ler. Todas as preguntas que fan retóricas que ten que ver co que pide, non pode dicir que vai priorizar no futuro, porque na realidade é o que está facendo, reflexione vostede en solitario, pida o que queira, é un brindis “ó sol”, unha letania, non se pode comprometer porque xa se están facendo.

Intervén D. Jaime Germán di que el non fai as mocións, eles o que pretenden é denunciar o uso partidista dos cartos municipais, non é de recibo o que están facendo. Non poder vir aquí dicindo que non hai cartos para as pistas de atletismo, di que eles veñen aquí para pedir cartos para o Infanta Elena e din que non. Vostedes estiveron pintado no colexio da Gándara arranxaron despois de 10 anos a caldeira, están gastando uns cartos públicos nunha entidade privada, saberían dicir porque puxeron 10 anos e non 15.

Intervén o Sr. Alcalde, falan vostedes de pistas de atletismo, tiveron 12 anos, para arranxalas. Onde se fixo a primeira lista de Esperta Monforte, na Alcaldía. Por outro lado, non lle dan moito diñeiro aos clubs, hoxe mesmo aprobouse en Xunta de goberno unhas axudas ao Korbis pola participación no campionato de España, ao Neka pola participación

no campionato do Mundo ao Quixós pola participación no campionato de España. Fala do 100%, porque dez anos, é o mínimo, é o mesmo cando se fixo ese campo, fíxose cun préstamo, do 1% do Consejo Superior de Deportes, e daquelas o BNG puxo dez anos. Quere agradecer ao Consello Superior de Deportes esa sensibilidade que tivo de colocar nos presupostos xerais do Estado 550.000,00 a nome do Concello de Monforte de Lemos, que alguén xestionou dende o Concello. Dille que o Secretario Xeral para o Deporte foi do asesor do PP para explicarlle ese tema no Congreso e no Senado, iso está nas actas. E logo fala vostede que o Secretario Xeral falou do piragüismo, sabe perfectamente que as instalacións do Quixós non se poden ampliar porque a Confederación non o vai autorizar, non se pode dar altura nin se pode acercar cara o río. Sinala que lle pode dicir que iso vai ter unha solución cando se faga outra actuación previa, porque agora mesmo non hai un sitio autorizado nesa zona. Pero hai unha posibilidade futura que se vai facer para o ano que ven, a partir de aí haberá unha solución para o Quixós, mentres tanto non se pode. E logo di vostede, que non buscamos a petición da Xunta, a Xunta denega todas, non acadou a puntuación suficiente, si alcanza Pantón, Sober, Bóveda, Monforte nunca. Igual que calquera acto que a Xunta nunca é no Concello de Monforte. Sinala que lle pediu axuda a través de augas de Galicia, polo canon que se entrega, devolva parte do que se paga, a Xunta non o fai. Non piden cousas para os colexios, son da Xunta, os concellos teñen a obriga legal de facer o mantemento, e cando alguén fala do Colexio Infanta Elena, non é competencia do Concello é da Xunta Galicia.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

9ª.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA QUE O SERGAS VACINE ÁS PERSOAS MAIORES DE 80 ANOS COA CUARTA DOSE DA VACINA DA COVID-19 NOS CENTROS DE SAÚDE OU NOS PACS DE REFERENCIA.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Demandar ó Concello de Monforte de Lemos que traslade á Xunta de Galicia o seu rexeitamento ó modelo de vacinación que está a levar a cabo para subministrar a cuarta dose da vacina Covid-19 aos maiores de 80 anos.

2. Esixir á Xunta de Galicia que rectifique e que vacine ás persoas maiores nos Centros de Saúde ou nos PAC de referencia, como se fixo en anteriores campañas de vacinación da pandemia.

3. Reclamar á Xunta de Galicia que reforce o persoal dos propios ambulatorios ou PACS para poder subministrar alí as vacinas ou que equipos de sanitarios se vaian desprazando polos distintos centros de saúde ou PACS para vacinar aos maiores.

4. Trasladar estes acordos da Corporación municipal á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración.”

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que presentan un cambio “in voce” da moción de que en vez de 80 anos sexa de 70 anos.

Intervén D^a Pilar ESpinosa sinalando que son conscientes a vacinación de 80 anos xa case rematou, queren seguir manténdoa por solidariedade, pagar os desprazamentos a outros centros hospitalarios, queren instar á Xunta que non se volva a ocorrer esta circunstancia nunha vacinación colectiva. Da lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que dende o BNG xa fixeron público a súa postura en relación co sistema de vacinar, cando falaba vostede de baixar de 80 a 70 anos, el diría á poboación en xeral, pero el realmente o faría a todo o mundo. Unha persoa que anda traballando vai ao centro de Currelos vacínase en 15 minutos, da igual que teña 70 anos que sexa un traballador, a xente maior ten máis problemas, pero a xente que traballa tendo un Pac de referencia vaia a el. Manifesta que el necesita unha explicación técnica medianamente fiable porqué non se fai, son criterios que se toman dende un despacho que descoñecen o territorio do interior de Galicia e polo tanto saen as cousas como saen. Reitera que se vacine a todo o mundo se limite de idade. O que escoitou é que moita xente está dubidando se vacinarse ou non, escoitou a moita xente, se aínda por riba teñen que desprazarse, polo tanto hai que ser serios. Aмосa o seu voto a favor, se teñen a ben que eliminanse o tema de 70 ou 80, que sexa extensible a todos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles están de acordo que todos se vacinen nos centros de saúde de referencia. Fala das molestias que xeran é unha falla de traballo por parte do Sergas á hora de implementar melloras para os nosos maiores. Non é máis que un erro no servizo de saúde, non é o máis grave, non é o máis preocupante, preocupante é non ter feito isto dende os centros de saúde. Fala de recortes sanitarios, da situación da asistencia primaria que padecen os galegos.

Intervén D^a Katherinie Varela di que esta moción non a poden apoiar, non ten ningún sentido, a xente que non quere vacinarse, pode ir posteriormente a vacinarse, o PP nunca negou os problemas da Sanidade. Asumen todos que a hai un problema de atención primaria, que se fai, se colapsan máis coas vacinacións. Se está dando unha solución, que lles parece adecuada. Fala dun copago por transporte, hai moitos municipios que lindan co concello de Monforte que está alonxados do centro de saúde de referencia, iso do copago é demagogía, é un argumento que non ten sentido neste momento. Parécelle o adecuado para desconxestionar a atención primaria, é máis se da a opción que o médico de atención primaria se desplace para que as persoas que non poden ir, por falla de mobilidade.

Intervén D^a Pilar Espinosa dicindo que a moción a fan extensible a todos os cidadáns. Con respecto ao que dixo D^a Katherinie, si que é verdade hai centros de saúde, aldeas que están cerca do vacunódromo, o hospital de Monforte, é referencia, para Quiroga, para Ribas de Sil, o Saviñao, fala de que esas zonas teñen moitísimos quilómetros. De feito en Monforte o vacunódromo e o Centro de Saúde ten pouca referencia. Esta moción é en solidariedade cos pobos de arredor. Con respecto aos dos domicilios, sempre se fixo, a todas aquelas persoas que non se poden desprazar por problemas de mobilidade, se vai as súas casas sempre, non soamente co COVID-19, non é opción do médico de cabeceira senón que depende da situación que se atope o paciente.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que el non entende a saturación non é que haxa aglomeración de xente, a saturación é que non hai citas, non é física no centro de saúde,

demanda de horas de médico cre que se poden facer perfectamente no centro de saúde, ademáis en Pantón, no Saviñao, con prazas de médicos que non hai , que saturación van ter. Hai que ser serios, o trato que está dando a Xunta de Galicia no entorno rural, esto pódese facer nos centros de saúde.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que xa se viron que hai diversidades de opinións dentro do Partido Popular, si que é certo que xa viron que hai alcaldes incluso do partido que non estaban conformes, seguramente co tempo igual o cambian, eles van votar en contra porque dar a oportunidade de que haxa un vacunódromo.

Intervén D^a Pilar Espinosa agradece o voto do Grupo Mixto e dicirlle a D^a Katherinie si que é verdade que no turno de repesaca, nalgúns ocasións que nese turno se chega tarde, hai moitos pacientes que pasaron o COVID-19.

Sometido o asunto a votación coa modificación “in voce” no punto 1 do subministro da cuarto dose da vacina COVID-19 que non se poña idade que se estableza para todas as idades, apróbase por maioría con doce a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e dous votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA QUE O SERGAS CUBRA DE FORMA URXENTE AS PRAZAS DE PERSOAL MÉDICO E DO RESTO DE PERSOAL E AS VACANTES QUE EXISTEN NO CENTRO DE SAÚDE DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Esixir á Xunta de Galicia que de forma urxente cubra as vacantes dos facultativos do Centro de Saúde de Monforte de Lemos e do resto do persoal sanitario, e que se repoña o cadro facultativo do Centro de Saúde, é dicir, 10 facultativos de mañá e dous de tarde.

2. Trasladar o acordo da Corporación Municipal á Xunta de Galicia para que de forma inminente dote ó Centro de Saúde do Concello de Monforte de Lemos dos recursos humanos necesarios para prestar unha atención sanitaria digna, para garantir á accesibilidade ó Centro de Saúde e acabar, deste xeito, coas listas de espera e mellorar as condicións laborais do persoal e así salvaguardar a seguridade do paciente. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Pilar Espinosa dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que non hai directrices claras no Centro Saúde. Di que no pasado pleno de outubro, trouxeron a esta cámara unha moción similar, que despois de escoitar a voceira do partido Popular dicir que van votar a favor desta, algo se mellorou. Manifesta o apoio a esta iniciativa porque é a realidade. Fala da falla de médicos que a viviu de primeira man. Aínda que esta iniciativa fala do centro de saúde, dicindo que

no hospital tamén hai dificultades. Fala de que hai xente que en un mes enlaza 10 ou 12 contratos, non se dan as condicións para fixar a ese personal laboral. Formula unha pregunta, isto nas cidades pasa igual que no interior de Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se poden abreviar porque dúas mocións para que dea tempo antes das 12.

Intervén D. Jaime Germán amosa o seu voto a favor. Lamentan profundamente que se deran tempo desta situación. Teñen claro que a primaria e especializada teñen problema, fala do consello municipal de saúde que se creou a proposta do seu grupo político. Sabe vostede que non hai servizo de dixestivo no hospital e a todos os derivan a Lugo. Todos os maiores da contorna teñen que ir facer as probas ao Polusa de Lugo. Está moi ben traer aquí de vez en cando, un alcalde debería facer algo máis, loitar de verdade pola sanidade pública, tanto no centro de saúde como no hospital. Qué vai facer vostede o peche do centro de saúde pola tarde? Queren velo traballando pola sanidade pública e non soamente en vísperas de eleccións. A situación da sanidade pública é moi grave.

Intervén D^a Katherinie Varela amosa o seu voto a favor. Di que ela ten claro non dependen de si é unha cidade grande ou pequena, hai municipios con moi pouca poboación, aquí trátase de presionar, hai un déficit de médicos de atención primaria, di que está difícil a cousa, porque todos o saben, depende da propia elección das persoas e dos facultativos, non é unha especialidade que queira a xente, moitos a rexeitan, moitos poden ir a urxencias, fala de que hai que agradecer esa medida do goberno socialista de ampliar as prazas da facultade de medicina. Lle gustaría que se sumasen as propostas para mellorar do partido popular. Aínda que se apoiem esta moción porque cren que o correcto no momento no que están, teñen que dicir que é unha responsabilidade de todas as forzas polínticas, aquí do que se trata é de remar todos nas mesmas direccións para que se mellore a atención primaria.

Intervén D^a Pilar Espinosa dille a D. Germán que igual que presentaron eles a moción a puideron presentar vostedes nos últimos 10 meses. Fala de 150 prazas de primaria sen cubrir. Tamén é verdade que a Xunta non mellora esas prazas, na maior parte dos presupostos vanse cara os hospitais, a primeira deixouse de lado, a primaria é a base, e neste momento en Galicia estase tambaleando todo o sistema. Noutras comunidades autónomas non existe tanta necesidade, e temos que pensar que dentro de cinco anos, un 60% dos facultativos seguramente estarán xubilados co que a situación vaise empeorar, fala principalmente do Centro de Saúde de Monforte, a maior parte son maiores de 60 anos.

Intervén D. Jaime Germán di que el non é o que decide que moción presentan ou non. Di que eles non lle din o que teñen que traer ou o que non. E agora casualmente, vostedes traen isto, e eles so constatan, non é mentira, é verdade. A persoa que defendeu isto ciñese á realidade. Vostedes van a convocar ao consello municipal de saúde, dende cando non o convocan, é unha tomadura de pelo, e isto é algo do que vostede se debería queixar, teñen un consello municipal de saúde, que non lles da a gana. Di que el ven de lector, el non contesta todas estas cousas. Di que el non é directivo de ningún equipo deportivo nin moitísimas cousas das que din. Non se poden molestar de vir aquí e que lles digan as verdades.

Intervén D^a Pilar Espinosa manifesta que non é casualidade o que pasa a situación do centro de saúde nunca estivo tan mal como este mes, e por iso a presentan porque nunca estivo tan mal, non é casualidade.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

11^a.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO LOCAL A LEVAR A CABO A LIMPEZA DA REDE DE SUMIDOIROS QUE EXISTEN NAS RÚAS DA CIDADE.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que se proceda á maior brevidade posible á limpeza das entradas á rede de sumidoiro que existen nas rúas da cidade de Monforte”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez a iniciativa fala de todo o que sexa mellorar cre que hai que apoialo. Pero incidiría valorar se a exposicións de motivos, pero si hai que falar do cambio das costumes que se facían antes, lembrar como se facían as cousas nas vías públicas, agora nas últimas datas coa choiva, hai bolsas de auga en varias estradas, antes limpábase as cunetas, e agora o que se fai é desbrozar e quede dun ano para outro, incluso sobe a terra da cuneta máis alta que a estrada, non desauga, e iso ten un problema co mantemento das estradas e isto pasa tamén en Monforte. Estes días na entrada do cemiterio, o camiño das Codesás, nos Abeledos, na rúa Ourense ao lado da rotonda, en distintos puntos de Monforte hai ese problema non é que dependa das alcantarillas, son problemas de construcións, e outros son do paso do tempo. Van votar a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que hai na Corredoira, saíndo cara a Hospital, eles di que algo moi sinxelo, isto no é un problema que xeren vostedes, o certo é que mellor se poden limpar con máis asiduidade. O certo é que hai un deficiente saneamento neste caso, hai un problema na Praza Dr. Goianes, que haxa ese problema que é de recente construción.

Intervén D. Ibán Torres di que é imposible de controlar, non se pode imputar á xestión dun goberno. Non é problema exclusivo de Monforte. Di que eles prever para minimizar os problemas, a proba delo soamente se da esa circunstancia cando ocorre fenómenos meteorolóxicos.

Os sumidoiros se limpan asiduamente pola empresa de limpeza. Comenta como se realiza a limpeza dos sumidoiros. Nos puntos baixos da cidade se realizan limpeza anuais. Di que durante o mes de novembro a limpeza continuará. Esta situación dantesca que vostede

describe para que nos invadiu un tsunami. O que fixo este alcalde foi buscar os opoios posibles para resolver o problemas de saneamento de Monforte, antes disto ninguén o fixo. Sinala que el ve a foto da páxina 5, mírela porfavor. Di que el non viu isto.

Intervén o Sr. Alcalde di que eles non teñen camións sancionadores, son succionadores.

Intervén D^a Katherinie Varela se nos lles parece grave as tapas das alcantarillas que hai en Monforte, aos cidadáns da rúa Hortas, da rúa Abeledos, rúa Calvo Sotelo, en Santo Domingo, incluso para zona da Pinguela, di que ela non vai contratar a un notario como estaban as alcantarillas nese día. Poden ir vostedes mesmos a pasear polas rúas de Monforte, que lavan e limpan por contrato, diga vostede sr. Torres porque esa vexetación sae así tan frondosa. Se queren negar a realidade. Vostedes teñen un problema houbo rúas con charcos de auga importantes. Se vostede quere xustificar as tapas de alcantarillado, e lle parece pouco relevante, é a súa decisión.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que lle molestan as cousas que lle din, o tema do alcantarillado está aí, o que está claro hai unha insuficiencia na limpeza, fagan o posible para que se limpe doutra maneira e que limpe ben.

Intervén D. Ibán Torres di que a el non lle resulta divertido nin graciosa, di que lle parecen de coña as súas fotos, son floreros e duda de que estas plantas que trae veñan dun alcantarillado.

Intervén D^a Katherinie Varela di que as imaxes veñen de tapas de alcantarilla de Monforte. Agradece aos que voten a favor, e aos que non que supervisen estas tapas de alcantarilla.

Intervén o Sr. Alcalde dicir que a cidade de Monforte é unha cidade limpa, así o recoñeceron cun premio en Madrid.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) RELATIVA Á REDACCIÓN DUN PXOM PARA MONFORTE.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG-Grupo Mixto) e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"1. Que o goberno municipal inicie neste mandato, os trámites para a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación municipal".

2. Que nos orzamentos de 2023, se habilite unha partida destinada á elaboración dun Plan Xeral de Ordenación municipal".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a moción presentada. Manifiesta que xa son conscientes na pregunta feita no mes de xuño e a resposta, que xa se fixeran algunhas xestións e non sabe se algún traballo. Eles insisten que se inicie neste mandato, pero xa dixeron que non, gustaríalle que nos orzamentos do 2023 houbera unha partida destinada para a inicialos traballos se procede.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que vai apoiar esta moción porque é algo que ven demandado, cando o Sr. Tomé non se dan esas circunstancias. Non ten pasado facer un PXOM, nunca porque traballa na zona C, zona D, e proximamente na zona B. Agora vanse gastar 180.000 na redacción dun estudo do chan industrial pero non hai 600.000 euros, un plan xeral vale menos que o parque do hospital, un precioso parque que está moi ben, quedou moi ben. Eles entenden que o lóxico sería ter un PXOM que é o máis natural para o maior crecemento da cidade. Fala de que a zona C está impresionante nada que ver como estaba, e despois fará o mesmo coa zona D. En 27.000 m2 Monforte non necesita un PXOM na vida.

Intervén D^a Katherinie Varela di que esta iniciativa a teñen que apoiar. Di que lles da rabia que o pleno non se poda prorrogar máis das 12. O PXOM cre que é algo fundamental nunha cidade, di que eles o comprobaron, para contratar a redacción da modificación das normas subsidiarias, non so este equipo de goberno, senón outros que fixeron para facer certas cousas, preo non se redacta outro tipo de urbanismo, e nunca se chega a aprobar, cre que si debería ser algo que se fixera por consenso.

Intervén D. Ibán Torres di que á sexta vez que se trata este tema aquí neste mandato, o traballo do goberno o marca o alcalde e o equipo de goberno. Xa sabe onde están os PXOM que se fixeron. Di que o faran cando o consideren oportuno. Estanse facendo traballos previos para ter un PXOM adecuado a Monforte de Lemos, o alcalde que nos goberna sabe moi ben como e cando facer as cousas.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non vai entrar a debater e valorar o que está feito. Con respecto ás iniciativas que se trouxo a esta cámara, o único que fan é incrementar a pregunta que fixeron é que se conte nos orzamentos do 2023 cunha partida para o PXOM.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez quere aclarar se efectivamente lles dan a súa confianza gustaríalle gastar un tercio dos cartos que teñen pensado gastar no Paseo do Malecón en facer un PXOM. Vostedes teñen unhas prioridades, despois de esperar a esas prioridades, traen a posibilidade dun PXOM, vostedes contestan que non lles van a marcar as liñas de actuacións, non é certo que estean facendo cousas máis importantes que o PXOM, vostedes se negan sistematicamente a facer. Eles van apoiar esta moción porque é imprescindible para a esta cidade.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que toman en conta a suxerencia. Dille a D. Germán non se preocupe que eles están priorizando os fondos públicos.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradecendo ao resto dos grupos o voto favorable.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que aquí o tema do PXOM xa veu varias veces, e sabe perfectamente a resposta, se pensa que iso vai traer algunha desgaste, valore ben. Vostede está representando un partido que tirou dous planes ao lixo, quén paralizou o Plan Especial. Non están en condicións de pedir o que os demais non fixeron. Fala dun acordo unánime, no ano 2012, tirou un segundo. Grazas a que esperamos e non lle fixeron caso. Qué opinaría vostede que na rúa Dr. Casares que as plantas estiveran sobre columnas, porque non se pode pechar a planta baixa, segundo o Plan Hidrolóxico.

Monforte mellorou un montón, hai empresas punteiras do estado español tecnolóxicas que van estar aquí, eles teñen en marcha ese plan parcial para ampliar o polígono pero tamén van facer outro plan especial. Non toca.

Vostede está no grupo mixto gracias aos cidadáns ,tiñan unha expectativa de catro, e déronlle un e grazas.

Dille a D^a Katherinie din que o PXOM é moi importante, pero cando vostedes gobernaron non se atreveron a traelo, hai que ter criterio, e gobernar é tomar decisións, eles van avanzar. Monforte está medrando en tódolos eidos e non ten plan xeral, está de acordo que sería bo que o houbera. No ano que ven non haberá ningunha partida. O Plan Xeral hoxe se se atende ao Plan Hidrolóxico perxudica moito a Monforte e por iso non se vai facer, traballan para que haxa un momento que haxa un equilibrio.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

13º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (do 23.09.22, 06.10.22 e 14.10.22)

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta ESPERTA MONFORTE! Ten pensado inaugurar a obra de colocación do elevador do pavillón da Pinguela antes das próximas eleccións

Resposta o Sr. Alcalde que as obras non están acabadas, faltan pezas ao empresario que non lle subministran, tampouco estea rematado, non se preocupe. Fíxese vostede que van poñer un ascensor no pavillón de deportes despois de tantos anos feito o pavillón.

Rogo de Esperta Monforte sobre os tempos de resposta de preguntas do seu partido político. Rogo para que os membros da oposición se lles facilite a documentación en tempo e forma.

Resposta o Sr. Alcalde que se houbo algunha disfunción correxirase onde se produzca.

Preguntas do Partido Popular RE 18050

Pleno ordinario 31.10.2022

Existe unha factura a nome de Rocío Estevez Rodríguez de Ribadavia con número 0092022 de data 20 de abril de 2022 con rexistro contable de este Concello de data 21/04/2022. Non existe concepto e o importe ascende a 14.919,30 €. ¿A qué se corresponde exactamente este pago?

Resposta a concelleira D^a Gloria Prada corresponde á feira medieval á contratación dos campamentos, infantil, farolillos e demais.

Nos informes de fiscalización de data 06 de outubro de 2022, atopanse unha serie de facturas correlativas a todos os meses do ano a nome de “ALTIA CONSULTORES”. O importe é o mesmo e polo concepto parece ser algo relacionado con servizos telemáticos ou de internet. Dado que no nos queda claro o concepto. ¿Podería explicar con máis exactitude que servizo se lle está pagando todos os meses a esta empresa?

Resposta a concelleira D^a Gloria Prada sinalando que esta factura correspondente ao aloxamento da nube.

Rogos do Partido Popular RE 18050

Rogo rúa Dr. Casares

Rogo sobre o arranxo travesía do Paseo do Malecón con Doutor Casares.

Pregunta do BNG

A que servizo de catering pregón das festas patronais fai referencia esa factura por importe de 834,60 € e quen foi convidado polo Concello?

Resposta o Sr. Alcalde é a cea co pregoeiro, que sempre se fixo, quen vai o equipo de goberno e o pregoeiro ou pregoeira e a súa parexa se a ten.

Rogo do BNG

Que o Concello de Monforte de Lemos solicite á Confederación Hidrográfica e á empresa Aqualia ,que atendan as súas obrigas e reparen as deficiencias antes mencionadas na maior brevidade posible.

Resposta o Sr. Alcalde explicarlle que vostede utiliza unha trampa ou para a Confederación ou para Aqualia, son dous rogos, isto é unha calificación de dous rogos. De todas as maneiras se lle trasladaran aos dous.

Remata a sesión sendo ás doce horas e nove minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA